



# CURIOSIDADE DE XUÑO: A MUSEALIZACIÓN DO CASTRO DE VIGO




Muro recreado por riba da beirarrúa.



Elementos separadores nun muro.



Casa mutilada coa construción da estrada.



**Imos visitar o xacemento musealizado do castro de Vigo, pero... temos claro en que consiste unha musealización dun xacemento arqueolóxico? Poderíamos dicir, dun xeito coloquial, que é un proceso mediante o cal un determinado ben cultural é mostrado ao público, usando determinadas pautas, estratexias e dinámicas. No caso do castro de Vigo, a abraiante presenza da unidade familiar do século I d.C. recreada está eclipsando detalles dotados de intencionalidade: por exemplo, por que parece que a beirarrúa está construída sobre unha vivenda castrexa, ou que son as pequenas laxes de xisto que hai nos muros castrexos orixinais...Na caseta de acceso ao xacemento poderedes recoller información máis extensa sobre eses pequenos detalles da musealización do castro de Vigo.**